

Anexo II

Documentación relativa á admisión Convocatoria de admisión, matrícula e avaliación nas ensinanzas de grao para o curso académico 2026/2027

Para a admisión polo procedemento de [recoñecemento de créditos](#), cando a persoa solicitante proceda doutra universidade española

- Certificación académica persoal (copia compulsada ou con código de verificación) ou SET cando os estudos de orixe non sexan da UVigo
- Programa ou guía docente de cada materia superada ou actividade (ligazón a web ou seladas ou con código de verificación) que se pretenden utilizar no recoñecemento
- Plan de estudos ou cadro de materias esixidas para superar os estudos previos expedidos por centro de orixe (ligazón a web ou selados)
- Outra adicional que poida ser pertinente para a tramitación e a resolución.

Para a admisión polo procedemento de [recoñecemento de créditos](#), cando a persoa solicitante proceda de sistemas educativos doutros países

- Copia do documento de identificación da persoa solicitante. No caso de que non se acredite suficientemente a identidade, poderá requirirse unha certificación do rexistro civil do país de orixe.
- Certificación académica na que figuren a denominación dos estudos e a titulación á que conducen os citados estudos, as materias e as actividades superadas, as cualificacións, a carga lectiva horaria (no caso de que figure en créditos, deberá entregarse unha certificación da equivalencia dos créditos en horas lectivas) e a escala de cualificacións.
- O plan de estudos da titulación, co enlace á páxina web de descarga ou con selo da institución de orixe.
- Os programas de estudos de cada unha das materias e actividades académicas das que solicita o recoñecemento do curso académico de superación da materia ou actividade académica, nos que figuren os obxectivos, os coñecementos adquiridos e, no seu caso, as prácticas realizadas, con indicación expresa das materias da titulación de destino para as que se solicita o recoñecemento. Tales programas deberán estar debidamente numerados e precedidos obrigatoriamente dun índice no que se sinalen as páxinas nas que se localicen as materias e as actividades académicas das que se solicita o recoñecemento.
- No caso de que se conclúan os estudos, a declaración responsable non ter solicitado a homologación en España, xunto coa copia do título universitario ou equivalente. No caso de non ter expedido o título, unha copia do documento que acredite a súa solicitude.
- Se a homologación do título foi denegada, debe entregarse unha copia da resolución de denegación.

Para a admisión polo procedemento para retomar estudos iniciados e non terminados logo de trasladar ese expediente (1.4).

- Certificación académica expedida pola universidade de procedencia.

Para a admisión por cambio da xestión do expediente entre universidades cun plan de estudo conxunto (1.6.2)

- Certificación académica expedida pola universidade participante no grao interuniversitario

Para a admisión para a realización dun curso ponte (só para titulados por [outras universidades](#)) (1.7)

- Título universitario e certificación académica expedida polo centro de estudos coas cualificacións obtidas nos estudos rematados ou, credencial de homologación ou equivalencia expedida polo ministerio de ser o caso

Para a admisión para a realización dos requisitos formativos complementarios (RFC 1.8)

- Resolución definitiva do ministerio na que consten as carencias formativas

Para a admisión para cursar unha mención no grao en Educación Infantil e no grao en Educación Primaria (só para titulados por [outras universidades](#)) (1.9)

- Título ou certificación supletoria do mesmo e certificación académica expedida polo centro de estudos coas cualificacións obtidas nos estudos rematados ou, credencial de homologación expedida polo ministerio de ser o caso

Para a admisión a través do procedemento de prazas vacantes (1.11)

- Título que habilite para o acceso á universidade, ou
- Xustificante de abono dos prezos públicos de expedición do mesmo, ou
- Certificación expedida polo centro de estudos coas cualificacións obtidas nos estudos rematados, ou
- No caso de solicitudes con estudos realizados no estranxeiro, unha credencial definitiva de homologación ou equivalencia
- Non terá que presentar documentación quen xa teña un expediente anterior na UVigo ou quen obtivera o título que habilita para o acceso á universidade no Sistema Interuniversitario de Galicia e teña os seus datos en NERTA.